

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0640	Imaxe corporal e hábitos saudables	2023/2024	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL JESÚS FRANCO QUINTÁNS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 203/2013 establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza onde di que a competencia xeral (Artigo 4º) dun alumno que acade este título consistirá en aplicar técnicas de embelecemento persoal e comercializar servizos de estética, cosméticos e perfumes, cumprindo os procedementos de calidade e os requisitos de prevención de riscos laborais e protección ambiental establecidos na normativa.

O Artigo 5 do Decreto recolle as competencias profesionais, persoais e sociais (Artigo 5º) e este módulo profesional deberá contribuir a que o alumnado deste ciclo acade as seguintes competencias:

- a) Recibir, almacenar e distribuír os produtos, aparellos e utensilios, en condicións idóneas de mantemento e conservación, e controlar o seu consumo e as súas existencias.
- b) Atender a clientela durante o proceso, aplicando normas de procedemento deseñadas pola empresa e conseguindo calidade no servizo.
- c) Obter información das demandas da clientela e da análise profesional, e rexistrar e archivar os datos.
- d) Seleccionar os materiais, os equipamentos e os cosméticos adecuados para os tratamentos ou as técnicas estéticas que se vaian aplicar.
- e) Manter o material, os equipamentos e as instalacións en óptimas condicións para a súa utilización.
- f) Efectuar a hixiene cutánea e preparar a pel para tratamentos posteriores.
- g) Efectuar a hidratación cutánea para manter e mellorar o aspecto da pel.
- h) Realizar maquillaxe social personalizada e adaptada ás necesidades da clientela.
- i) Depilar e descolorar a peluxe, utilizando procedementos mecánicos e produtos químicos adecuados.
- j) Aplicar técnicas de manicura e pedicura para o embelecemento e os coidados das mans, os pés e as uñas.
- k) Elaborar uñas artificiais, cunha técnica e un deseño individualizados, segundo as demandas da clientela.
- l) Asesorar sobre perfumes, fragancias e produtos naturais tendo en conta as características persoais, sociais e profesionais da clientela.
- m) Informar a clientela dos coidados que teña que realizar logo do tratamento na cabina

de estética, así como dos hábitos de vida saudables.

n) Realizar a promoción e a comercialización de produtos e servizos no ámbito dunha empresa de imaxe persoal.

ñ) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos e utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da comunicación e da información.

o) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado e cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no ambiente de traballo.

p) Resolver de maneira responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e con autonomía.

q) Comunicarse eficazmente respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

r) Aplicar os procedementos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo para evitar danos nas persoas e no ámbito laboral e ambiental.

s) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

t) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional.

u) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Para que as persoas que obteñan este título poidan exercer a súa actividade nas empresas que teñen

relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado e, en xeral, en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando

a organización da súa propia empresa.
Toda esta formación débese traballar a través
deste módulo profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Estrutura xeral do corpo humano. Rexións e zonas corporais	Identificación das rexións, zonas, planos, eixes e posicións do corpo humano.	7	10
2	Formas e proporcións corporais e faciais	Estudo das diferentes formas e proporcións faciais e corporais. Estudo dos somatotipos ou tipos constitucionais.	6	9
3	Niveis de organización do organismo. A célula e os tecidos	Identificación dos diferentes niveis de organización do corpo humano. Estudo da célula e os tecidos.	12	9
4	A alimentación e a nutrición	Estudo da estrutura e fisioloxía do aparello dixestivo e do aparello excretor. Estudo dos nutrientes e os alimentos, as súas funcións e a súa clasificación. Identificación dunha dieta equilibrada.	20	9
5	A locomoción	Estudo da estrutura dos sistemas óseo e muscular. Identificación das articulacións.	25	9
6	Transporte de sustancias no organismo	Estudo da estrutura e fisioloxía do aparello circulatorio e do sistema linfático. Estudo da estrutura e fisioloxía de aparello respiratorio.	25	9
7	Regulación e control do organismo: O sistema nervioso.	Estudo da estrutura básica do sistema nervioso.	15	9
8	Regulación e control do organismo: O sistema endócrino	Identificación e análise das glándulas endócrinas, a súa función e relación cos procesos de imaxe persoal.	20	9
9	A reprodución.	Estudo da estrutura e fisioloxía do aparello reproductor.	5	9
10	Promoción de hábitos saudables na imaxe corporal	Concepto de saúde e recomendacións saudables para potenciar a estética persoal.	10	9
11	Hixiene, desinfección e prevención de riscos e doenzas profesionais nos procesos de imaxe persoal	Coñecer os sistemas de desinfección e os protocolos de limpeza no ámbito da imaxe persoal.	14	9

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Estrutura xeral do corpo humano. Rexións e zonas corporais	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a imaxe corporal, identificando a súa estrutura, a súa morfoloxía e as súas proporcións.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Especificáronse as zonas e as posicións anatómicas.
CA1.2 Establecéronse os termos de localización a través dos eixes e os planos anatómicos.
CA1.3 Valorouse o uso de terminoloxía anatomo-fisiolóxica en imaxe persoal.
CA1.9 Presentouse o módulo cos seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación e procedemento de cualificación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Presentación do módulo de Imaxe corporal e hábitos saudables
Estrutura xeral do corpo humano: rexións e zonas corporais. Posicións anatómicas. Termos de localización e posición relativa ou direccións no espazo.
Relación entre a imaxe corporal e os procesos de imaxe persoal.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Formas e proporcións corporais e faciais	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a imaxe corporal, identificando a súa estrutura, a súa morfoloxía e as súas proporcións.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Establecéronse os parámetros que definen as proporcións corporais e faciais.
CA1.5 Identifícanse os factores que determinan o tipo de constitución corporal.
CA1.6 Medíronse as variables antropométricas que definen os somatotipos.
CA1.7 Identifícanse os tipos de rostro e faccións.
CA1.8 Identifícanse as desproporcións morfolóxicas que se poden corrixir a través das técnicas de peiteado e estética.

4.2.e) Contidos

Contidos
Forma e proporcións corporais: características. Factores que determinan a constitución do corpo. Somatotipos ou tipos constitucionais. Variables antropométricas: peso e talla. Evolución da imaxe corporal ao longo da historia. Factores que inflúen nos canons de beleza. Forma e proporcións faciais. Análise da forma do cranio, do óvalo e do perfil. Tipos de rostro. Relación entre a imaxe corporal e os procesos de imaxe persoal.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Niveis de organización do organismo. A célula e os tecidos	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Estableceuse a estrutura xerárquica do organismo.
CA2.2 Identificouse a estrutura da célula e as súas funcións.
CA2.3 Identifícaronse os tecidos en relación cos órganos, os aparellos e os sistemas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización do organismo: a célula (estrutura e funcións) e os tecidos (tipos).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A alimentación e a nutrición	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO
RA3 - Identifica pautas de alimentación e nutrición, e analiza a súa influencia na imaxe corporal e o órgano cutáneo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.14 Identificouse a importancia dos aparellos dixestivo e excretor, así como os procesos fisiolóxicos asociados, no equilibrio do organismo humano.

Criterios de avaliación
CA2.14.1 Identifícase a importancia do aparello dixestivo, así como os procesos fisiolóxicos asociados, no equilibrio do organismo humano.
CA2.14.2 Identifícase a importancia dos aparellos excretor, así como os procesos fisiolóxicos asociados, no equilibrio do organismo humano
CA3.1 Establecéronse as diferenzas entre alimentación e nutrición.
CA3.2 Especificáronse os nutrientes básicos.
CA3.3 Relacionáronse os nutrientes coa súa función no organismo.
CA3.4 Identifícanse as necesidades nutritivas do organismo para o seu bo funcionamento e en cada etapa da vida.
CA3.5 Recoñécense os alimentos que forman parte da pirámide alimentaria.
CA3.6 Valorouse a importancia da auga na saúde en xeral e na hidratación cutánea en particular.
CA3.7 Valorouse a influencia dunha dieta equilibrada na saúde e na imaxe corporal.
CA3.8 Identifícanse as medidas para previr o sobrepeso e a obesidade.
CA3.9 Identifícanse as principais desordes alimentarias que afectan imaxe persoal, así como as medidas para as previr.
CA3.10 Identifícanse as medidas alimentarias para a prevención de doenzas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Sistemas e aparellos relacionados coa nutrición e excreción. Anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo. Estrutura e función: o tubo dixestivo e as glándulas anexas.
Anatomía e fisioloxía do aparello do excretor. Importancia na imaxe persoal.
Alimentación e nutrición. Nutrientes: criterios de clasificación. Alimentos: función enerxética, plástica e reguladora.
Alimentación equilibrada: pirámide alimentaria e necesidades nutricionais en cada etapa da vida.
A auga na dieta: importancia na hidratación cutánea.

Contidos
Importancia da dieta na imaxe persoal. Alteracións relacionadas coa inxestión alimentaria: sobrepeso e obesidade. Alteracións da percepción da imaxe persoal relacionadas coa alimentación e as desordes alimentarias: anorexia, bulimia, dismorfofobia, ortorexia, etc. Prevención de doenzas a través da dieta.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A locomoción	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Especificouse a estrutura dos músculos e dos ósos que permiten o movemento.
CA2.7.1 Especificouse a estrutura dos ósos
CA2.7.2 Especificouse a estrutura dos músculos
CA2.8 Establecéronse os tipos de movemento corporal.
CA2.9 Identifícaronse os principais grupos musculares.
CA2.10 Relacionouse a morfoloxía do pé e da man cos tratamentos de manicura e pedicura.

4.5.e) Contidos

Contidos
Sistemas relacionados co movemento. Anatomía e fisioloxía do sistema óseo e muscular. As mans e os pés. Alteracións máis frecuentes e a súa relación coa imaxe persoal.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Transporte de substancias no organismo	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Caracterizouse a anatomía do aparello circulatorio.
CA2.5 Especificáronse as funcións do sangue e da linfa.
CA2.5.1 Alteracións relacionadas coa imaxe persoal.
CA2.6 Identificouse a anatomía e a fisioloxía do aparello respiratorio.
CA2.16 Alteracións relacionadas coa imaxe persoal.

4.6.e) Contidos

Contidos
Sistemas e aparellos relacionados co transporte de substancias no organismo. Anatomía e fisioloxía do aparello circulatorio: sistema sanguíneo e linfático. Anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio. Alteracións máis frecuentes e a súa relación coa imaxe persoal.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Regulación e control do organismo: O sistema nervioso.	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.13 Identifícase o mecanismo do sistema nervioso como coordinador e controlador do medio interno e externo.
CA2.13.1 Identifícase o mecanismo do sistema nervioso como coordinador e controlador do medio interno: anatomía e fisioloxía do sistema nervioso
CA2.13.2 Identifícase o mecanismo do sistema nervioso como coordinador e controlador do medio externo: os órganos dos sentidos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Sistemas relacionados coa regulación e o control. Anatomía e fisioloxía do sistema endócrino. Anatomía e fisioloxía do sistema nervioso e os órganos dos sentidos. Alteracións máis frecuentes e a súa relación coa imaxe persoal.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Regulación e control do organismo: O sistema endócrino	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Identifícase a anatomía e fisioloxía do sistema endócrino.
CA2.12 Determinouse a influencia das hormonas no órgano cutáneo.
CA2.17 Caracteriza as alteracións relacionadas coa imaxe persoal

4.8.e) Contidos

Contidos
Sistemas relacionados coa regulación e o control. Anatomía e fisioloxía do sistema endócrino. Anatomía e fisioloxía do sistema nervioso e os órganos dos sentidos. Alteracións máis frecuentes e a súa relación coa imaxe persoal.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A reprodución.	5

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os sistemas e aparellos corporais, describindo a súa estrutura, o seu funcionamento e as alteracións relacionadas coa imaxe persoal.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.15 Identifícase a importancia do aparello reprodutor e os procesos fisiolóxicos asociados no equilibrio do organismo humano, establecendo a súa relación coa imaxe corporal.

4.9.e) Contidos

Contidos
Sistemas e aparellos relacionados coa reprodución. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Importancia na imaxe persoal.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Promoción de hábitos saudables na imaxe corporal	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Promove hábitos de vida saudables en relación cos procesos de imaxe persoal.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os parámetros que definen o concepto de vida saudable.
CA4.2 Xustifícase o exercicio físico e o sono no aspecto persoal.
CA4.3 Identifícanse os efectos, xerais e sobre a pel, producidos polo consumo de tabaco e alcohol.
CA4.4 Xustifícase a importancia da prevención da drogodependencia.
CA4.5 Xustifícase a importancia da prevención das doenzas de transmisión.
CA4.6 Relacionáronse as medidas de hixiene persoal coa súa repercusión no ámbito profesional.
CA4.7 Relacionouse a prevención do cancro cos hábitos de vida saudable.

4.10.e) Contidos

Contidos
Concepto de saúde. Promoción da saúde a través da prevención. Imaxe persoal e hábitos diarios: o exercicio físico e o sono. As drogas e o órgano cutáneo. Educación hixiénico-sanitaria. Imaxe corporal e sexualidade. Prevención de doenzas de transmisión sexual. O cancro: medidas de prevención.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Hixiene, desinfección e prevención de riscos e doenzas profesionais nos procesos de imaxe persoal	14

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona os métodos de hixiene e desinfección, en relación co risco de infeccións e infestacións do material.	SI
RA6 - Determina hábitos de seguridade para previr doenzas profesionais, e identifica os riscos asociados e as medidas para os previr.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Establecéronse as condicións necesarias para o desenvolvemento microbiano.
CA5.2 Identificáronse os tipos de microorganismos.
CA5.3 Estableceuse a diferenza entre infección e infestación.

Criterios de avaliación
CA5.4 Caracterizáronse as infeccións e infestacións máis importantes no ámbito da imaxe persoal.
CA5.5 Especificáronse as etapas da cadea epidemiolóxica.
CA5.6 Relacionáronse as técnicas de imaxe persoal (tatuaxes, piercing, rasurado, etc.) cos seus riscos potenciais.
CA5.7 Valorouse a orde, a limpeza e a desinfección das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA5.8 Identificáronse e aplicáronse os métodos de limpeza, desinfección e esterilización.
CA5.9 Valorouse a importancia de establecer procedementos e manuais de boas prácticas para unha axeitada hixiene, desinfección e esterilización de utensilios, equipamentos e instalacións.
CA5.10 Relacionáronse os métodos de tratamentos de residuos cos riscos biolóxicos que poidan producir.
CA5.11 Aplicáronse as normas establecidas para a eliminación de residuos.
CA6.1 Identificáronse os riscos inherentes á actividade e as doenzas profesionais asociadas.
CA6.2 Relacionáronse os riscos coas causas máis frecuentes de accidentes nos establecementos de imaxe persoal.
CA6.3 Determináronse as medidas de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións técnicas.
CA6.4 Valorouse a importancia dunha boa hixiene postural para evitar lesións derivadas da práctica profesional.
CA6.5 Prevíronse medidas de prevención específicas na clientela durante a prestación no ámbito da imaxe persoal.
CA6.6 Recoñecéronse as condicións dos espazos de traballo para evitar riscos profesionais.
CA6.7 Relacionáronse as medidas de protección individual do profesional coa actividade que vaia desenvolver.
CA6.8 Aplicáronse técnicas de primeiros auxilios en reaccións adversas e accidentes.

4.11.e) Contidos

Contidos
Microorganismos: condicións necesarias para o seu desenvolvemento. Clasificación dos microorganismos.
Concepto de infección e infestación. As infeccións e infestacións e os procesos de imaxe persoal.
Clasificación segundo o axente causal (infeccións por bacterias, fungos, virus e parasitos): características, síntomas e signos.
Infeccións cruzadas: prevención nos servizos de peiteado e estética.
Métodos físicos e químicos para a hixiene, a desinfección e a esterilización de utensilios, equipamentos, superficies e instalacións.
Procesos de limpeza, hixiene, desinfección e esterilización: procedementos e boas prácticas.
Normas e procedemento para a eliminación de residuos.
Riscos de accidentes laborais e doenzas profesionais asociadas.
Clasificación de equipamentos de protección individual e colectiva.
Técnicas básicas de primeiros auxilios ante posibles reaccións adversas e/ou accidentes no ámbito profesional.
Hixiene postural. Medidas para previr lesións derivadas da práctica profesional.
Riscos no uso de cosméticos e desinfectantes. Reaccións adversas: locais e sistémicas.
Riscos na aplicación de equipamentos eléctricos. Lesións eléctricas.
Riscos asociados ao material cortante.
Riscos na aplicación de produtos e equipamentos xeradores de calor.
Riscos asociados a hábitos posturais.
Outros riscos independentes da actividade profesional.
Factores que aumentan o risco de accidente.
Medidas de prevención de accidentes asociadas á actividade: xerais e específicas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada unha das unidades didácticas).

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de:

Unha avaliación inicial para detectar as ideas previas dos alumnos/as que se levará a cabo ben mediante un cuestionario ou un debate de exposición de ideas.

Unha avaliación procesual que se realizará a través da observación directa do alumnado, a súa participación na aula e realización de traballos tanto individualmente como en grupo.

Unha avaliación sumativa ou final para a que se terá en conta toda a información recollida nas dúas anteriores, ademais da realización de probas escritas confeccionadas pola profesora.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Por todo o exposto anteriormente avaliarase segundo o momento:

- O grao de coñecemento dos conceptos, técnicas e procesos.
- A comprensión e análise da información, textos e normas e a súa interpretación e aplicación a casos concretos.
- A capacidade de razoamento, así como a iniciativa e creatividade na solución de problemas.

A observación será sempre unha máxima, no caderno diario da profesora, onde cada alumno terá a súa ficha individual, recollerase todas as incidencias do traballo individual, do grupal, da actitude, as intervencións na clase, a resolución de exercicios ...

As probas escritas constarán de varias preguntas e a súa valoración farase en conxunto por considerar que tódolos coñecementos están interrelacionados.

De cada avaliación darase unha cualificación de 1 a 10 que englobará as puntuacións obtidas avaliación dos contidos, procedementos e actitudes

O baremo das diferentes actividades será:

Probas orais e escritas: 80%

Traballos monográficos e exposicións: 10 %

Traballo individual diario + caderno de clase : 10 %

O caderno de clase será obrigatorio, non acadando una avaliación positiva se non se entrega ó solicitalo.

O nivel mínimo que se considera suficiente para obter a avaliación positiva do módulo virá dado por:

- A cualificación total obtida nos cuestionarios e probas de contidos nunca poderá ser inferior a 5 puntos (e en cada cuestionario a cualificación non será inferior a 4 para poder facer a media).
- Ter realizado con avaliación positiva as actividades e traballos individuais ou en grupo na clase teórica e no taller.
- Ter participado con certa regularidade nos debates formulados na aula.
- Non ter perdido máis do 10% das sesións de clase ao longo do curso.

O alumnado que non superen algunha avaliación realizarán unha proba escrita de recuperación despois de cada avaliación, de non acadar unha avaliación positiva nalgunha das avaliacións deberán examinarse da teoría e da práctica de dita materia na proba final de Xuño tendo en conta que para superala deberán acadar os criterios de avaliación mínimos.

Para o cálculo da nota de avaliación final do módulo, que aparecerá no correspondente boletín de notas, teránse en conta as seguintes situacións:

a) Todas as avaliacións aprobadas. Neste caso realizarase a media aritmética de todas as avaliacións.

b) Algunha avaliación suspensa. Nestes casos a avaliación do módulo considerárase negativa e dicir SUSPENSA, polo tanto a nota do boletín

correspondente será inferior a 5 (dita nota será calculada como a media aritmética de todas as avaliacións). O alumnado que se atope ante esta situación deberá realizar as actividades de recuperación propostas e examinarse de toda a materia non superada na proba final de Xuño tendo en conta que para superala deberá acadar os CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS.

Se un alumno ou alumna copia nun exame terá que facer a recuperación da totalidade da materia da avaliación correspondente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación para o alumnado co módulo pendente.

Para o alumnado que teña o módulo pendente logo de realizada a terceira avaliación parcial, o profesor realizará un informe de avaliación individualizado que servirá para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Non obstante, se o módulo foi superado a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

O informe individualizado incluirá :

Unidades didácticas pendentes de superar.

E para cada unidade incluírase:

-Criterios de avaliación mínimos

-Contidos mínimos

-Actividades a realizar

-Data da proba escrita

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Polo carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos, se o número de faltas inustificadas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA (Orde 12 de xullo de 2011) e este alumnado deberá:

1º Presentarse a unha proba final que recolla todos os criterios de avaliación de cada unha das unidades
2º Esixirse a realización dos traballos (tódalas actividades, prácticas...) propostos durante o curso.
Sendo a nota final a media ponderada dos dous puntos anteriores (80% proba escrita e 20% traballos prácticos), sempre e cando na nota da proba se obteña como mínimo 5 puntos sobre 10

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Levarase a cabo un proceso de avaliación continuo no que debe terse en conta a actualización permanente que é necesario ter da normativa e das innovacións profesionais que poidan ocorrer ao longo do curso.
Con respecto ao cumprimento da programación farase un control diario da materia impartida e realizarase a comparación coa programación teórica para ver as posibles causas e as correccións pertinentes por parte do profesor.
A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Levantarase acta de dito control.
Ao longo do curso iranse completando, corrixindo ou modificando os apartados 4f correspondentes a cada unha das unidades didácticas.
Polo tanto, ao final de cada curso escolar as modificacións na programación serán presentadas ao Departamento de Imaxe Persoal.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio das actividades do ciclo formativo, a profesora realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Esta avaliación inicial terá en conta os estudos académicos previamente realizados e o tipo de acceso do alumnado.
A vista dos informes procedentes da etapa educativa anterior (ESO, ESA, BACHERELATO, ...), resultados da avaliación inicial e dos datos recollidos día a día para a elaboración do informe de avaliación individualizado de cada alumno, valorarase a necesidade ou non de aplicar medidas de reforzo e grao de concreción das mesmas.
Tamén se valorará se é aconsellable propoñerlle ao alumno flexibilización na duración das ensinanzas conforme se establece no artigo 51 punto 2 e artigo 61 do Decreto 114/2010.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Trátase de expor alternativas para aquel alumnado que non consigan os obxectivos das actividades ou, pola contra, que acade sobradamente os obxectivos previstos, ou aquel alumnado con discapacidade física ou psíquica.

A adaptación curricular derivada da diversidade de aprendizaxe, pasa fundamentalmente pola profesora como medio de asesoramento cara ao seu alumnado.

A profesora tratará de homoxeneizar o grupo a través das súas observacións, aclaración de dúbidas, explicacións individualizadas, demostracións máis personalizadas, cambio da metodoloxía, emprego de recursos didácticos para unha maior comprensión dos contidos e será fundamental que o/a alumno/a repita correctamente os procesos mal executados.

De ser necesario, prepararanse tarefas de reforzo para os alumnos que non acaden os mínimos e tarefas de ampliación para o alumnado que cumpra sobradamente cos criterios de avaliación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Na LOE establécese no Título Preliminar Capítulo I, dentro dos principios e fins da educación, no seu artigo 1.c que un dos principios nos que se inspira o sistema educativo español será: "A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación."

Á súa vez, no artigo 2.e establécese como un dos fins sobre os que se orientará o sistema educativo español a consecución de: "A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable."

Fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionar aos xoves unha educación completa, que abarque os coñecementos e as competencias básicas, ás que se refire o artigo 6.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e que forman parte do currículo, que resultan necesarias na sociedade actual, que les permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule neles e elas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.

A sociedade require algo máis que persoas adestradas para a función específica do mundo do traballo. Necesita profesionais con motivacións e capacidades para a actividade creadora e independente, tanto no desempeño laboral como investigativo, ante os desafíos do coñecemento e información científico-técnica e da realización do seu ideal social e humano.

Son tres as condicións para a educación en valores en Formación Profesional:

Primeira: coñecer ao estudante en canto a: determinantes internas da personalidade (intereses, valores, concepción do mundo, motivación, etc.);

actitudes e proxecto de vida (o que pensa, o que desexa, o que di e o que fai).

Segunda: coñecer o contorno ambiental para determinar o contexto de actuación (posibilidades de facer).

Terceira: definir un modelo ideal de educación

A educación en valores na Formación Profesional está dirixida cara ao desenvolvemento da cultura profesional. Os novos fenómenos e procesos que a sociedade contemporánea procrea, as interrogantes, expectativas e incertezas sobre o futuro da humanidade, fan da análise e a reflexión un imperativo para definir desde unha perspectiva estratéxica e conxuntural o desenvolvemento social de cada nación.

A personalidade profesional maniféstase a través do conxunto de trazos presentes no individuo, na actividade profesional, nos marcos de determinada comunidade e contexto; exemplos diso son:

-Amor á actividade profesional.

-Sentido de respecto socioprofesional.

-Estilo de procura profesional creativo-innovador.

A formación e o desenvolvemento de valores profesionais debe partir do modelo do profesional, da cultura profesional. O modelo de formación do profesional debe ser sistémico e pluridimensional, contendo en si o sistema de valores da profesión.

Neste modelo de valores profesionais considérase valor supremo a dignidade profesional, que se refire ao desenvolvemento do exercicio da profesión.

Educar en valores é, en definitiva, educar na consciencia e para a consciencia persoal, moral e social.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Sempre que sexa posible, poderanse realizar as seguintes actividades complementarias:

- Participación nas diferentes actividades do centro educativo.
- Demostracións técnicas de casas comerciais.
- Charlas técnicas de empresas do sector profesional da imaxe persoal.

10. Outros apartados

10.1) Confinamento

Supostos que se poden presentar ao longo do curso 2020-21:

- a) Confinamento parcial. No suposto de que parte do alumnado teña que permanecer confinado, seguirá as clases a través da aula virtual do IES.

b) Confinamento total do grupo. As clases impartiranse a través da plataforma virtual do IES Johan Carballeira, mentres dure o confinamento.

Avaliación:

Os contidos impartidos mentres dure o confinamento, serán avaliados de forma presencial unha vez se reenicien as actividades presenciais.